



↑ La habitación de al lado (Pedro Almodóvar) ESTRENA 18 DE OCTUBRO

NUMAX PRESENTA:

82 | OCTUBRO 2024





Librería

Os corpos que poden

Este mes estréanse dous filmes que falan de coidar e de deixarse coidar, de convivir con enfermidades, de ser vulnerables e fráxiles. *Los destellos* de Pilar Palomero é unha adaptación de *Un corazón demasiado grande* de Eider Rodríguez; e *La habitación de al lado* de Pedro Almodóvar de *Cuál es tu tormento* de Sigrid Nunez.

Aquí unha pequena selección dun tema sobre o que lemos moito nesta librería.




Cuál es tu tormento
Sigrid Nunez
ANAGRAMA | 18.90€




Un corazón demasiado grande
Eider Rodríguez
RANDOM | 18.90€



Os corpos fráxiles
Sofía Ruvira
AIRA | 16€



Salario para el trabajo doméstico
Silvia Federici
TRAFICANTES DE SUEÑOS | 20€



Diarios/1 [Azul Monforte]
Antón Lopo
CHAN DA PÓLVORA | 20€



No dejar que se apague el fuego
Miriam Toews
SEXTO PISO | 20,50€



Un hombre afortunado
John Berger,
Jean Mohr
ALFAGUARA | 17,90€



Ahora y en la hora de nuestra muerte
Susana Moreira Marques
LIBROS DEL K.O.
14,90€



Coidadora
María Marco
XERAIS | 18.50€



Una mujer
Annie Ernaux
CABARET VOLTAIRE | 16.95€




Desmorir
Anne Boyer
SEXTO PISO | 21.90€



Amada y perdida
Susie Boyt
MUÑECA INFINITA
20.90€



La revolución de los cuidados
María Llopis
TXLAPARTA
17€



Feliz idade
Olga Novo
FACTORIA K
14€

MÉRCORES 2 DE OUTUBRO ÁS 19H00

Presentación de *Uma historia pequena da Galiza rural* (1939-1982) (Através) de **Alba Díaz Geada**. A autora estará acompañada de **Charo López** e **Celso F. Sanmartín**.

VENRES 4 DE OUTUBRO ÁS 19H00

Presentación da editorial De corpos presentes e dos seus títulos *ani(a)mal* de **Ania González** e *materia resonante* de **Javier Martin**. As autoras estarán acompañadas da editora **Sabela Mendoza**.

SÁBADO 26 DE OUTUBRO ÁS 18H00

Contacontos *O gran libro dos nosos montes* (Cumio) de **Blanca Millán**.

XOVES 31 DE OUTUBRO ÁS 19H00

Presentación de *Centímetro a centímetro* (Pepitas de calabaza) de **Eduardo Romero**.



A
ALDEA
DES-
MEDIDA

04.

A CIDADE

Libraría
NUMAX
10/10/24 | 20.30
Fran Quiroga
Iago Carro

QUE
PODE
SER

ORGANIZA


NUMAX

COMERCIALIZA

Ma OS

ACTIVIDADE EDUCACIONAL POA

Deputación
DA CORUÑA



NUMAX NA ESCOLA

PROXECCIONS EDUCATIVAS
PARA INFANTIL, PRIMARIA,
SECUNDARIA E BACHARELATO.

Infórmate en
numax.org/na-escola
escola@numax.org





LA HABITACIÓN DE AL LADO ESTREA 18 OUT

Pedro Almodóvar, 106', ING, VOSE, +12

Con Julianne Moore, Tilda Swinton

Ingrid e Martha foron moi amigas na mocidade. Traballaban na mesma revista, pero Ingrid acabou convertida en novelista de autoficción e Martha en reporteira de guerra. A vida arredounas e, tras moitos anos sen ter contacto, volven atoparse nunha situación extrema, pero estrañamente doce.

Na súa primeira longametraxe falada en inglés, Pedro Almodóvar fai historia

gañando o León de Ouro de Venecia. Un exemplo de sabedoría e rigor narrativo e unha alegación a prol da morte digna.

🏆 Mellor Filme Venecia 2024

📖 *Cuál es tu tormento*
Sigrid Nunez,
ANAGRAMA | 18,90€

Estreas



CROSSING ESTREA 4 OUT

Levan Akin, 106', TK / ING, VOSE, +12

Con Mzia Arabuli, Lucas Kankava

Lia, unha profesora xubilada, prometeu atopar a súa sobriña Tekla, perdida hai moito tempo. A súa procura lévaa a Estambul, onde coñece a Evrim, unha avogada que loita polos dereitos das persoas transexuais, e Tekla empeza a sentirse máis preto que nunca.

🏆 Mellor Elenco Teddy Award Berlinale 2024

LOS DESTELLOS

ESTREA 4 OUT

Pilar Palomero, 101', ESP, VO, +7

Con Patricia López Arnaiz, Antonio de la Torre

A vida de Isabel dá un inesperado xiro o día en que a súa filla Madalen lle pide que visite regularmente a Ramón, que se atopa enfermo. Logo de quince anos afastada do seu exmarido, en Isabel comezan a reavivarse resentimentos que cría superados.

🏆 Sección Oficial Donostia 2024



📍 Presentación e coloquio
coa directora | 12 out

📖 *Un corazón demasiado grande*
Eider Rodríguez | 18,90€



A SUBSTANCIA ESTREA 11 OUT

Coralie Fargeat, 140', ING, VOSE

Con Demi Moore, Margaret Qualley

“Ti, pero mellor en todos os sentidos”. Esa é a promesa da Substancia, un produto revolucionario baseado na división celular que crea un *alter ego* máis novo, máis fermoso, máis perfecto.

🏆 Mellor Guión Cannes 2024



JOKER: FOLIE À DEUX

ESTREA 11 OUT

Todd Phillips, 138', ING, VOSE, +16

Con Joaquin Phoenix, Lady Gaga

Tras crear o caos, Arthur Fleck foi internado en Arkham á espera de xuízo polos seus crimes como Joker. Mentres lida coa súa dobre identidade, Arthur non só encontra o amor verdadeiro, senón que tamén descobre a música que sempre estivo dentro del. Secuela de *Joker* (Todd Phillips, 2019).

🏆 Sección Oficial Venecia 2024



LA JOIA: BAD GYAL

ESTREA 24 OUT

David Camarero, 92', ESP, VO

Con Bad Gyal

Documental que segue a exitosa cantante Bad Gyal na vertixinosa saída do seu primeiro álbum, *La Joia*.



AS FILLAS DO FOGO + GUERRAS DE BROMA

ESTREA 25 OUT

Pedro Costa + Jean-Luc Godard, 8' +
20'', PT / FR, VOSE

Sesión composta por dúas curtametraxes asinadas por dous dos maiores cineastas das últimas décadas. Do portugués Pedro Costa proxectarase *As fillas do fogo* e do recentemente finado Jean-Luc Godard, a súa obra póstuma, *Tráiler da película que non existirá xamais: 'Guerras de broma'*.



SALVE MARÍA

ESTREA 31 OUT

Mar Coll, 111', ESP, VO

Con Laura Weissmahr, Oriol Pla

María, unha escritora moza que acaba de ser nai, atópase coa noticia dun suceso estremecedor: unha muller francesa afogou os seus xemelgos de 10 meses na bañeira. María obsesiónase coa infanticida, por que os matou?

🏆 Sección Oficial Locarno 2024.

Pase especial



MUGARITZ. SIN PAN NI POSTRE

PASE ÚNICO 3 OUT

Paco Plaza, 95', ESP, VO

Cada ano o equipo de Mugaritz traballa a porta pechada para deseñar unha proposta gastronómica diferente, despoxándose de todo, para volver comezar case desde cero. Cada tempada constitúe un salto ao baleiro imprevisible. Un camiño repleto de preguntas, un desafío creativo que comparte cos comensais curiosos convidándoos a abrir a mente e non só a boca.

🍷 Culinary Cinema Donostia 2024

Especial noite de Samaín



ANDEI CUN ZOMBIE

PASE ÚNICO 31 OUT

**Jacques Tourneur, 69',
VOSE, 1943**

Con James Ellison, Frances Dee

Vudú, zombies e maxia negra combínanse nunha illa misteriosa neste clásico de terror de serie B dirixido por Jacques Tourneur (*A muller pantera*) e producido polo mítico Val Lewton.



O ÚLTIMO LATE NIGHT

**Cameron Cairnes, Colin Cairnes,
93', VOSE, 2023**

Con David Dastmalchian, Laura Gordon

Na noite de Halloween de 1977, o caos desátase cando o presentador Jack Delroy entrevista a unha parapsicóloga e a unha adolescente que é a única supervivente dunha matanza masiva nunha igrexa satánica.

Festival Ateneo Barroco



O SILENCIO ANTES DE BACH PASE ÚNICO 9 OUT

Pere Portabella, 97', VO, 2007

Con Alex Brendemühl, Feodor Atkine

Aproximación á música, as disciplinas e os oficios que a rodean a obra de Johann Sebastian Bach. Unha mirada sobre as profundas relacións dramáticas que existen entre imaxe e música, de forma que non se concibe esta última como un mero subliñado subsidiario da imaxe, senón como suxeito paritario do relato.

🏆 **Premio Especial do Xurado Xixón 2007**

Foco Robert Bresson



O PROCESO DE XOANA DE ARCO PASE ÚNICO 1 OUT

Robert Bresson, 65', FR, VOSE, 1962

Con Florence Delay, Jean-Claude Forneau

Guerra dos Cen Anos (1337-1453). Logo de ser capturada nunha batalla contra as tropas inglesas que invadiran Francia, Xoana de Arco, a Doncela de Orleáns, foi encarcerada e procesada por un tribunal eclesiástico que a acusou de bruxaría e a condenou a morrer na fogueira.

🏆 **Premio Especial do Xurado Cannes 1962**




O DIÑEIRO PASE ÚNICO 8 OUT

Robert Bresson, 84', FR, VOSE, 1983

Con Christian Patey, Sylvie van den Elsen

Yvon é un mozo inxustamente acusado de traficar con diñeiro falso. A partir dese erro xudicial, a adversidade dominará a súa vida. Durante a súa estancia en prisión, o ambiente no que se move vaine degradando e corrompendo ata convertelo nunha persoa sen escrúpulos nin principios morais.

🏆 **Mellor Dirección ex-aequo Cannes 1983**






NUMAX

Concepción Arenal, 9 baixo
Santiago de Compostela
www.numax.org


EUROPA CINEMAS
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME

Co patrocinio de

AAAAAA Agencia
GGGGGG Gráfica

   Síguenos en @numaxcoop